



PLAN DIXITAL

[IES Plurilingüe Adormideras]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. INTRODUCCIÓN.....	3
1.1. Datos básicos do centro	3
1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro	3
1.3. Breve xustificación do mesmo.....	4
1.4. Proceso de elaboración	4
2. SITUACIÓN DE PARTIDA.....	5
2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais	5
2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO	5
2.3. Análise DAFO	7
3. PLAN DE ACCIÓN	8
3.1. Obxectivos, indicadores e accións	8
3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas	16
4. AVALIACIÓN DO PLAN	16
4.1. Seguimento	16
4.2. Propostas de mellora.....	17
5. DIFUSIÓN DO PLAN	17

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Datos básicos do centro

Nome: IES Plurilingüe Adormideras

Código: 15026716

Dirección: Juan Sebastián Elcano, número 28, 15002 A Coruña

Comunicación: Teléfono: 881 880 086

Correo electrónico: ies.adormideras@edu.xunta.gal

Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesadormideras/>

O centro conta con 570 alumnado matriculados, 45 profesores, dous conserxes e un administrativo.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- O IES Plurilingüe Adormideras, situado nun extremo da cidade conta cunha matrícula que se foi incrementando nos últimos anos e que está a día de hoxe ó redor de 570 alumnos. Este alumnado procede de familias de estrato social moi diverso e cabe salientar nos últimos cursos un incremento de alumnado procedente do estranxeiro, especialmente de países de Hispanoamérica.
- Plan Dixital de centro ten como obxectivo, mellorar a competencia dixital de toda a comunidade educativa. Aínda que o proceso de desenvolvemento e difusión de tecnoloxías é imparable, xa iniciamos a consolidación dunha serie de recursos, ferramentas e servizos que permiten mellorar os procesos educativos, non só os que ocorren na aula, senón todos aqueles que contribúen a que o noso centro cumpra coa súa función formativa. Tendo en conta o mundo no que vivimos, cómpre que abordemos a tecnoloxía dende unha perspectiva máis global, dando resposta ás necesidades e demandas dun mundo en cambio permanente e dunha sociedade e mercado laboral cada vez máis dixitalizado.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O Plan Dixital do centro enténdese como un instrumento que debe favorecer e impulsar o uso dos medios dixitais tanto nos procesos de ensinanza-aprendizaxe coma no resto dos procesos de xestión do centro, sempre co obxectivo último de colaborar no desenvolvemento integral do alumnado. É por iso que nos basearemos na seguinte lexislación e normativa vixente para acadar os obxectivos:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022
- Estratexia Galicia dixital 2030

1.4. Proceso de elaboración

O equipo do plan dixital estivo formado por catro persoas, dos que un era o coordinador do mesmo. Este tiña comunicación directa co equipo ADIX asociado ao Plan Dixital, máis todo o desenvolvemento do plan dixital realizouse a través de reunións periódicas e dun xeito grupal.

A elaboración do PD levouse a cabo en varias fases. A primeira foi a realización dun cuestionario SELFIE onde participou todo o alumnado e profesorado, o que nos permitiu obter unha fotografía do nivel dixital da comunidade educativa. O seguinte paso, unha vez analizada toda a información obtida no informe SELFIE, foi a realización dunha matriz DAFO, que nos permitiu analizar as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades que presenta o noso centro educativo. E xa por último, a partir deste análise, grazas á matriz DAFO, puidéronse elaborar unha serie de obxectivos a cumprir ao longo dos vindeiros anos.

2. SITUACIÓN DE PARTIDA

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Infraestrutura dixital: o centro contra cunha conexión de datos simétrica de 1 Gbps (teoricamente) e hai tomas de voz IP nos principais despachos.
- Equipamento dispoñible: as 20 aulas do alumnado están dixitalizadas, xa que contan con ordenador con conexión cableada de datos e proxector, ademais moitas delas tamén dispoñen de encerado dixital interactivo. Hai 5 equipos de xestión e administración, 4 equipos para o uso do alumnado na biblioteca, varios equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos; ademais o centro dispón de catro aulas de informática. A maioría dos mesmos cunha antigüidade superior aos 10 anos (XUGA 2012 e anteriores).
- Servizos dixitais educativos: o centro utiliza para facilitar a xestión docente os seguintes servizos corporativos: páxina web do centro, aula virtual, espazoAbalar e Abalarmóbil que é a canle principal de comunicación coas familias. Ademais o centro dispón de perfil nas diferentes redes sociais.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para a concreción da análise DAFO utilizouse a información obtida nos informes SELFIE sobre as diferentes áreas analizadas.

Areas	Grupos	ESO	Bacharelato
A -Liderado	Equipo Directivo	2,8	2,6
	Profesorado	3	3,4
	Alumnado	-	-
B- Colaboración e redes	Equipo Directivo	2,4	2,8
	Profesorado	2,5	2,8
	Alumnado	2,7	2,6
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Directivo	3,8	4
	Profesorado	3,1	3,6
	Alumnado	2,8	2,9
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Directivo	2,8	3,6
	Profesorado	3,3	3,3
	Alumnado	-	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Directivo	3,6	3,9
	Profesorado	3,8	3,9
	Alumnado	3,6	3,9
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Directivo	2,7	3,1
	Profesorado	2,6	2,9
	Alumnado	2,7	2,9
G- Prácticas de avaliación	Equipo Directivo	2,5	2,2
	Profesorado	2,4	2,6
	Alumnado	2,6	2,5

H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Directivo	3,6	3,2
	Profesorado	3	3,4
	Alumnado	2,7	2,8

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	28	31	90,3%
PROVISIONAL	5	6	83,3%
INTERINO	2	2	100%
SUBSTITUTO	2	5	40%
DESPRAZADO	0	0	

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
75	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	68,2	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
BAC	76,4	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	2,3%
A2	17	38,6%
B1	19	43,2%
B2	3	6,8%
C1	4	9,1%
C2	0	0%
TOTAL	44	100%

Distribución do profesorado por niveis dentro de cada competencia

	Principiante (A1)	Explorador (A2)	Integrador (B1)	Experto (B2)	Líder (C1)	Pioneiro/a (C2)	Total
1. Compromiso profesional	2,3%	29,5%	40,9%	15,9%	9,1%	2,3%	100%
2. Recursos dixitais	2,3%	29,5%	31,8%	22,7%	11,4%	2,3%	100%
3. Ensino e aprendizaxe	9,1%	38,6%	36,4%	9,1%	6,8%	0%	100%
4. Avaliación	34,1%	34,1%	20,5%	6,8%	4,5%	0%	100%
5. Capacitación do alumnado	20,5%	43,2%	22,7%	6,8%	6,8%	0%	100%
6. Desenvolvemento da competencia dixital do alumnado	13,6%	50%	27,3%	2,3%	6,8%	0%	100%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Equipos informáticos e pantallas dixitais en todas as aulas (C1). Catro aulas de informática (C1). Acceso a internet dende calquera parte do centro educativo (C3)	Xestión do uso das aulas de informática (C14). Imposibilidade de que o alumnado leve un dispositivo a casa para poder traballar con el en caso de non dispoñer do mesmo (C12). Pouco uso dos dispositivos móbiles para a realización de actividades na aula. (C13)
	PERSOAL DOCENTE	Facilidade para atopar recursos educativos en liña (D2). Uso de recursos educativos de código aberto (E5)	Falta de tempo para facer formación (A4). Demasiadas tarefas administrativas e pouco pedagóxicas (F). Nivel de competencia dixital medio-baixo (D). Claustro inestable con bastante profesorado substituto.
	PERSOAL NON DOCENTE	Colaboración en actividades educativas do centro (B)	Falta dun administrativo que nos foi retirado con anterioridade
	ALUMNADO	Facilidade para aprender o uso das novas tecnoloxías (E3). Comportamento responsable no uso de internet (H3). Alumnado, con carácter xeral, pouco conflictivo e receptivo a metodoloxías innovadoras. Maior madurez do alumnado por mor de que a maioría son de bacharelato.	Baixa competencia en codificación e programación (H11). Parte do alumnado mantén escasa implicación na vida escolar e manifesta pouco vínculo extraescolar co instituto. Ratio elevado de alumnado por aula
	FAMILIAS	Boa comunicación co alumnado e as familias mediante a aula virtual e canles oficiais (E4)	Baixa competencia dixital dos responsables do alumnado. Inexistencia de equipos de traballo e conexión a internet. (C)
	OFERTA	Bibliotecas e Repositorios en liña con material de ensinanza e aprendizaxe (C16)	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	O centro conta con infraestruturas e equipamento dixital axeitado en todas as aulas (C1). Boa difusión de información en RRSS e a través da páxina web do instituto.	Falta dunha estratexia dixital clara (A1). Tempo limitado para explorar a competencia dixital (A4). Proxectos interdisciplinares baixos ou inexistentes

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Oferta de cursos de formación e grupos de traballo para a formación continua do profesorado (D). Actualización da dixitalización da biblioteca do centro coa formación e ferramentas que aporta Bibliotecas Escolares.	Non realización de cursos por non cumprirse as expectativas nos realizados con anterioridade. Excesiva burocracia e papeleo que ralentiza as propostas e a súa implantación (D-E-F). Falta de axudas económicas ou dotacións por parte da administración
	LEXISLACIÓN	Coñecer e aplicar os dereitos de autor e licenzas	Cambios lexislativos constantes. Falta de concreción curricular para orientar o plan dixital. (A-D-F-G)
	CONTORNA	Involucrar ás familias pode ser un acicate para o alumnado	Grupos de mensaxeira de nais e pais, que valoran conflitos sen comunicalos ao centro. Familias reticentes as metodoloxías emerxentes. Nivel baixo de competencia dixital por parte das familias (B-H)
	ANPA	Proximidade do centro a diversos tipos de museos públicos e privados e a unha escola de arte aberta a colaboración	Centro situado nunha zona illada do barrio que dificulta o acceso a determinados servizos
	OUTRAS ENTIDADES	Obradoiros e charlas de comportamento responsable na rede para a comunidade educativa por parte do concello, policía (B). Persoal alleo ao centro que repara equipos informáticos e problemas técnicos	Adaptación as novas circunstancias post-pandemia

3. PLAN DE ACCIÓN

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e acción

Utilizando a análise DAFO como punto de partida, establécense unhas áreas prioritarias de mellora determinando cales son os obxectivos prioritarios para poder superar as debilidades e ameazas detectadas empregando as oportunidades e fortaleza. Estes obxectivos serán específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal que queremos conseguir. Os obxectivos foron contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

PLAN DE ACCIÓN DO PLAN DIXITAL DE CENTRO

“Área de mellora”: Liderado (A)						
OBXECTIVO 1:	Promover a comunicación entre o profesorado e as familias mediante o uso de Espazo Abalar				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo e o coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe do profesorado que utiliza Espazo Abalar para comunicarse coas familias					
Valor de partida	20 % do profesorado utiliza Espazo Abalar					
Valor previsto e data	80 % do profesorado utiliza Espazo Abalar				30/06/2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: : Impartir sesión de formación para o profesorado explicando o manexo de Espazo Abalar	Coordinador TIC	15/09/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Impartir sesión de formación para as familias explicando a APP abalarMóbil	Coordinador TIC	31/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Elaboración dun manual e publicación	Coordinador TIC	15/11/2022	Web centro/ AV		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Dinamizar o seu uso e realizar unha listaxe de usuarios de Abalar móbil	Coordinador TIC	30/06/2023	Web Abalar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área de mellora”: Colaboración e redes (B)							
OBXECTIVO 2:	Aumentar o emprego da AV do centro para a coordinación de diferentes proxectos realizados polo profesorado					Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador AV e profesorado responsable de cada proxecto					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Grado de emprego dos usuarios e responsables de cada proxecto						
Valor de partida	40 % de usuarios e responsables en cada proxecto						
Valor previsto e data	80 % de usuarios e responsables en cada proxecto					30/06/2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO2.1: Crear os cursos correspondentes a cada proxecto na AV	Coordinador AV	31/10/2022	Aula Virtual		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.2: Publicar información e actividades nos correspondentes cursos na AV	Profesorado responsable de cada proxecto	30/06/2023	Aula Virtual		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

“Áreas de mellora”: Infraestruturas e equipamento (C) e Pedagogía: apoio e recursos (E)						
OBXECTIVO 3:	Dinamizar os recursos dixitais da biblioteca				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinadora da biblioteca e coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de actividades realizadas					
Valor de partida	0 actividades realizadas					
Valor previsto e data	10 actividades realizadas			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Instalar a infraestrutura e montar os diferentes dispositivos	Coordinador TIC e coordinadora da biblioteca	30/09/2022	Mobiliario e material eléctrico		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Seleccionar e instalar recursos e aplicacións, etc.	Coordinador TIC e coordinadora da biblioteca	30/06/2023	Diferentes aplicacións		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Dinamizar o seu uso entre o profesorado e o alumnado	Coordinador TIC e coordinadora da biblioteca	30/06/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área de mellora”: Desenvolvemento profesional continuo (D)							
OBXECTIVO 4:	Coñecer e utilizar a nova aplicación web “PROENS” para a realización das programacións didácticas					Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinadora AV e profesorado que desenvolveu os novos currículos					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe do profesorado que asiste a charla formativa “PROENS”						
Valor de partida	Sen datos previos						
Valor previsto e data	80 % do profesorado do centro				31/12/2022		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
A04.1: Crear un curso na AV para o manexo da aplicación web “PROENS”	Coordinadora AV	08/09/2022	Aula Virtual		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A04.2: : Impartir sesión de formación para o manexo da aplicación web “PROENS” ao profesorado	Profesores do centro que estiveron nos grupos de traballo de desenvolvemento dos novos currículos	15/09/2022			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A04.3: : Publicar información no curso da AV e resolver dúbidas recibidas no foro	Profesores do centro que estiveron nos grupos de traballo de desenvolvemento dos novos currículos	31/12/2022	Aula Virtual		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

“Área de mellora”: Pedagogía: Apoios e recursos (E)						
OBXECTIVO 5:	Promover o uso da Aula Virtual (AV) do centro por parte do alumnado (E3)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Nº de actividades levadas a cabo co alumnado na AV do centro por docente implicado (Instrumento de medida: enquisa aos docentes implicados)					
Valor de partida	Sen datos previos					
Valor previsto e data	8 actividades realizadas co alumnado na AV por docente implicado			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO5.1: Crear os cursos e matricular ao profesorado e ao alumnado na AV do centro	Coordinadora AV	15/10/2022	Aula Virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Publicar as actividades nos cursos correspondentes da AV do centro	Profesorado da materia	31/12/2022	Actividades creadas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: traballar co alumnado nas actividades creadas	Profesorado da materia	30/06/2023	Actividades publicadas na AV		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área de mellora”: Pedagogía: Implementación na aula (F)						
OBXECTIVO 6:	Adaptar actividades de aprendizaxe dixitais ás necesidades do alumnado estranxeiro non hispano falante.				Acadado	
RESPONSABLE:	Departamento de orientación e departamento de lingua castelá				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de actividades adaptadas pola materia de lingua castelá e literatura ao remate dos dous primeiros meses de incorporación ao centro do alumno/a					
Valor de partida	Sen datos previos					
Valor previsto e data	6 actividades adaptadas			Dous meses despois da incorporación		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO6.1: Convocar reunión do dpt. orientación coa xefatura de estudos e o equipo docente para analizar o caso	Orientadora	Na semana da incorporación ao centro	Expediente do alumno		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Convocar reunión do departamento de orientación co dpt de lingua castelá para a selección das actividades ou contidos a adaptar	Xefatura de estudos	Semana seguinte á incorporación ao centro	Programación lingua castelá		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A06.3: Implementar as adaptacións na aula virtual	Profesor/es que imparta o reforzo e responsable AV	Dúas semanas despois da incorporación ao centro	Contidos/actividades adaptadas creados		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área de mellora”: Infraestruturas e equipos (C)						
OBXECTIVO 7:	Promover o uso de software libre entre o profesorado e o alumnado.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe do profesorado que utiliza software libre					
Valor de partida	20 % profesorado que utiliza software libre					
Valor previsto e data	80% profesorado que utiliza software libre			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO7.1: Revisar o software propietario instalado nos diferentes equipos. comprobar a existencia dun software equivalente	Coordinador TIC	30/09/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.2: Comprobar a existencia dun software de código aberto equivalente	Coordinador TIC	31/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.3: Instalar o software libre elixido.	Coordinador TIC	31/12/2022	Aplicacións correspondentes		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

1.1. Equipamento / Infraestrutura	1.2. Localización	1.3. Unidades	1.4. Xustificación da necesidade
Cobertura WIFI	Todo o centro	Dúas por andar	Poder utilizar o equipamento portátil en calquera lugar do instituto.
Equipos Informáticos	Aula de Info. 1	- 16 Intel Core i5-4590 (2006) - 2 Athlon x2 6000+ (2008) - 1 Dell 755 Intel E84000 (2008) - 1 Intel Celeron G1610 (2013) - 9 Intel Pentium G630 (2012)	Renovación de equipos debido á limitación no uso de programas nas materias de TIC e CAU.
	Aula de Info. 2	- 5 Lenovo AMD A9-9420 (2017) - 12 HP Intel G4400 (2016) - 7 Lenovo Intel Core i3 (2017)	Renovación de equipos debido á limitación no uso de programas nas materias de TIC e CAU.
	Aula de Info. 3	- 10 AMD 5600+ (2007) - 3 AMD Athlon (2007) - 4 AMD Athlonx2 245 (2008) - 2 AMD Athlon II x2 (2010)	Renovación de equipos debido á limitación no uso de programas na materia de TIC.
	Aula de Info. 4	- 12 Intel G3220 (2013) - 1 Intel G2030 (2013)	Renovación de equipos debido á limitación no uso de programas na materia de TIC.
	Aulas comúns	AMD Athlon II x2 (2005, 2009), AMD Phenom x2 B55 (2010), Dell Core2Duo T7200 (2006), AMD Athlon II x3 (2009), Thoshiba SAT L20-101 (2005)	Renovación de equipos informáticos por obsolescencia

4. AVALIACIÓN DO PLAN

4.1. Seguimento

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan dixital e da consecución de obxectivos, realizarase en dúas etapas:

- Realizarase unha avaliación do plan cun periodicidade trimestral. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles adaptacións das accións.
- Ao remate do curso realizarase unha avaliación final, onde se incluírá a valoración do logro dos obxectivos.

4.2. Propostas de mellora

Tendo en conta os seguimentos realizados elaboraranse unha serie de propostas de mellora que serán implementadas no Plan Dixital do curso seguinte.

5. DIFUSIÓN DO PLAN

O documento estará a disposición de toda a comunidade educativa na páxina web do centro e será difundido a través das redes sociais empregadas habitualmente polo centro. Ademais estará dispoñible en formato impreso na secretaría do centro e na sala de profesores